



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE XANEIRO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecatro de xaneiro de dous mil dezasete; as dez da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín. - Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaseis de xaneiro dous mil dezasete (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

SEGREGACIÓN E AGRUPACION DE PARCELAS RIB/C/06.2/17.-

Visto o escrito presentado por **JUAN LUIS GONZÁLEZ VÁZQUEZ en representación de BODEGAS CASAL DE ARMÁN, S.L.**, con domicilio no Cotiño, Santo André de Camporredondo, Ribadavia, no que solicita licenza de segregación e agrupación simultánea.(Ref. Catastral núm. PARCELAS 1558, 1559, 1560, 1562, 1563, 1577, 1579, 1592 DO POLÍGONO 23, e PARCELA 10510 DO POLÍGONO 50), deste término municipal.

Consta PROXECTO TÉCNICO DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN, e documentación de subsanación de deficiencias páxinas, as 13 e 14 de 17, para substituír ás do mesmo número no proxecto técnico, redactados polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Óscar Álvarez Mociño, colexiado nº 273 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 24 de xaneiro de 2017 no que se conclue o seguinte:

CONCLUSIÓN: Informase favorablemente a solicitude presentada, segundo PROXECTO TÉCNICO DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN, e documentación de subsanación de deficiencias páxinas, as



13 e 14 de 17, para substituír ás do mesmo número no proxecto técnico, redactados polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Óscar Álvarez Mociño, colexiado nº 273 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense.

Trátase dunha segregación e simultánea agregación en unidade de acto, coa finalidade de reorganizar as propiedades, non resultando no proceso un maior número de parcelas respecto das orixinais, dándose cumprimento ao artigo 149 da LSG.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza a **Bodegas Casal de Arman S.L.**, para a segregación e agrupación simultánea das referidas parcelas, de acordo coa documentación técnica presentada, quedando as parcelas resultantes despois da segregación-agrupación da seguinte maneira:

- PARCELA A: Finca de forma irregular, identificada como a totalidade das parcelas catastrais nº 1562, 1563, 1579, 1592 e unha porción das nº 1560 e 1577 todas elas do polígono 23. Parcela cunha superficie final de 4.616 m², que linda: ao norte camiño; ao sur, pista de paso, parcelas 1591, 1582, 1580, 1583, 1584, 1576, 1572, 1574, 1565 e parcela B (que se describirá a continuación); ao este parcelas 1565, 1580, 1581 e parcela B (que se describirá a continuación); e ao oeste parcelas 1593, 1580, 1572, 1575 e parcela B (que se describirá a continuación).

Nesta parcela hai as seguintes construcións:

- Construción nº 1 "Pazo": Edificación composta por planta baixa e superior, planta baixa con almacéns, residencial, porches e uso hostaleiro; e planta superior uso hostaleiro. Ocupa unha superficie total sobre o solo de 339 m² e presenta unha superficie total construída de 706 m².
- Construción nº 2, Almacéns: Construción de planta baixa acondicionada como almacén e soportais. Ocupa unha superficie total sobre o solo de 101 m² e presenta unha superficie total construída de 101 m².
- Construción nº 4, Salón de eventos e celebracións: Construción de planta baixa, ocupa unha superficie total sobre o solo de 271,32 m² e presenta unha superficie total construída de 271,32 m².

- PARCELA B: Finca de forma irregular, identificada como a totalidade das parcelas catastrais nº 10510 do polígono 501 e das parcelas nº 1558, 1559 do polígono 23 e unha porción de superficie das nº 1560 e 1577 do polígono 23. Parcela cunha superficie final de 12.593 m², que linda: ao norte camiño, parcela 1565 e parcela A (anteriormente descrita); ao sur camiño, parcelas 10513, 1565 e parcela A (anteriormente descrita); ao este camiño, e parcelas 509, 1565 e parcela A (anteriormente descrita); e ao oeste parcela 10513 do polígono 501 e parcela A (anteriormente descrita).

Nesta parcela hai a seguinte construción:

- Construción nº 3, Adega: Construción de planta baixa acondicionada como adega e soportais. Ocupa unha superficie total sobre o solo de 446,29 m² e presenta unha superficie total construída de 729,70 m².

PARCELA	A	B
Parcelas catastrais	1592, 1579, 1577(porción), 1560(porción), 1563, 1562 do pol. 23	10510 pol 501, parcelas 1559, 1558 e porción pac. 1577 e porción pac. 1560 do pol. 23
Superficies	4.616 m ²	12.593 m ²
Edificacións	Si	Si
Superficie ocupada por edif.	711, 32 m ²	446,26 m ²
Superficie total edificada	1.078,32 m ²	729,70 m ²
% Ocupación	15,41%	3,54%
Edificabilidade	0,234 m ² /m ²	0,058 m ² / m ²



4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 30.12.2016, relativo a compensación de débedas entre o Concello a a Deputación e viceversa.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

RESOLUCION DO 29 DE DECEMBRO DE 2016, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURISTICOS PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2017.-

“Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2017, publicada no DOGA nº 13, de 19 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución.

RESOLUCION DO 29 DE DECEMBRO DE 2016 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCION E DIFUSION AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA PARA O ANO 2017.-

“Vista a Resolución do 29 de decembro de 2016, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a Concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2017, publicada no DOGA nº 13, de 19 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución e solicitar a correspondente subvención comprometéndose a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución.



CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, E O CONCELLO PARA O SUBMINISTRO DE FUNDENTES E A SUA APLICACIÓN NAS REDES MUNICIPAIS NA TEMPADA 2016-2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a adhesión do Concello o Convenio da Deputación Provincial de Ourense para o subministro de fundentes e a súa aplicación nas redes municipais na tempada 2016-2017.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia